

# Rebeca López, a artista viguesa entre Novos Valores

REDACCIÓN.VIGO  
deportesad@atlantico.net

■ ■ ■ Rebeca López Villar, coa peza 'Sen Título (Sobre paseos e arrepen- timentos)', Adrián Solleiro con 'Re- flexión', Diego del Río con 'Ras Al Hanout II' e Daniel Cerecedo con 'Picasso y Richter (después de)', fo- ron as persoas merecedoras das bol- sas do certame Novos Valores na súa edición de 2021 do Museo de Ponte- vedra. As tres creacións pictóricas e a escultórica foron elixidas por una- nimidade polo xurado grazas á súa calidade, presentando "cargas conce- ptuais e reflexións importantes, ademais de ser variadas na súa tem- ática", segundo explicou o director do Museo, Xose Manuel Rey, quen apuntou tamén que nesta ocasión in- verteuse a tendencia de que as mul- res foran maioritarias nos galardóns. As catro obras formarán parte da ex- posición que terá lugar entre o vin- deiro xoves 8 de xullo e o 12 de setem- bro no Edificio Sarmiento do Museo xunto a outras dez pezas elixidas co- mo as mellores das 29 presentadas. A pintura 'Sen título (sobre paseos e arrepen timentos)' de Rebeca Ló- pez Villar (Vigo) reflexiona sobre a paisaxe e aborda tres cuestións: os conceptos de arrepentimento e pa-



Os gañadores das becas de Novos Valores da Deputación.

seo e a idea do proceso artístico. A escultura 'Reflexión' de Adrián So- lleiro González (Lui) é unha peza fi- gurativa modelada cuxa imaxe que 'xoga' cun espello. Diego del Río Co- mesaña (Ferrol) conseguiu a bolsa de Novos Valores grazas á obra 'Ras

al Habout II', unha continuación da peza presentada na edición de 2019. Finalmente, Daniel Cere- cedo Bretal (A Pobra do Carami- ñal) conseguiu tamén unha bolsa grazas á obra 'Picasso y Richter (después de)'. ■